

Manteño gratas lembranzas de Moncho, o perruqueiro, un home que rebordaba bonhomía e felicidade. Obeso, calvo, ledo, sempre singular. A imaxe icónica, caricaturesca, dun barbeiro de ópera. Mesmo, as veces, se non tiña clientela, deixábame ben amarrado ao babeiro, cativo, e, a xeito dun moderno Fígaro, atacaba unhas arias co violín. Daquela, podían pasar meses entre unha e outra visita. Só ia cando os pelos baixaban da caluga. Entón aproveitaba para gozar dun pracenteiro afeitado da súa man.

Como un señor. Pechar os ollos e debuxar na mente os ecos do cachazudo raspar. Sentir unha navalla amiga aloumiñando o pescozo. Sen opor resistencia. Como o modelo que posa para un pintor. Deixarse retratar é un acto de renuncia, unha confiada doazón dos aspectos mais evidentes da identidade. E dos mais ocultos, tamén. Nas sucesivas poses, o rostro muda imperceptiblemente, como unha froita que madura na árbore, ofrecendo unha variada sucesión de modelos, acenos e trazos que configuran paseniño unha imaxe que é a suma de todas as imaxes, unha síntese das sucesivas e sutís transformacións. Pouco importa que non nos recoñezamos nesa imaxe final. Como ben dixo Picasso á súa paciente modelo, a escritora Gertrude Stein, sempre rematamos por parecernos ao retrato. Pois aí, nesa imaxe que recolle amplos retallos de tempo, e diferentes estados de ánimo, topamos, tamén, con aquilo que aínda non sabemos, ou non queremos saber, o que agochamos de nos mesmos. Esa é a razón pola que Picasso é un pintor mais realista e obxectivo que calquera imaxe fotográfica. **A fotografía suxire un xeito moi diferente de entender o tempo. E, tamén, ao ser humano. Non esquezamos que é filla da Revolución Industrial e dos seus rápidos cambios. A súa instantaneidade provoca unha nova idea do retrato, entendido como a escolla dunha imaxe significativa entre unha serie ou secuencia.**

Aínda utilizando a fotografía como apoio, mesmo as imaxes de revistas e xornais, os pesimistas retratos de Francis Bacon, indiferentes a toda imaxe externa e social, afondan nas vísceras da nosa miserenta e continxente natureza. Introspección cirúrxica. Afiada poesía. Luz de tubo fluorescente.

Soidade dun afeitado na fría intimidade do espello.

Pola contra, o neoiorquino Andy Warhol, acomodado no espírito optimista e risoño da expansión americana dos anos 50, recupera a vella imaxe pública coa que, desde tempos inmemoriais, os poderosos representaban un papel no teatro do mundo. Mais, Warhol xa non atopa príncipes, ministros, banqueiros ou xenerais, pois o verdadeiro poder procura a discreción. Agora son estrelas de rock, actrices de Hollywood, novos ricos e xente da farándula, que, en ritual procesión, desfilan por

The Factory

, como nos iamos ao barbeiro. Os ananos e bufóns de Velazquez, esquecidos e maltratados protagonistas da Historia, acadan, por fin, os cumes da visibilidade social. Sen vestixio de mala conciencia, os retratos de Warhol asumen a fotografía, na súa irreal parcialidade e distorsión,

como un versátil instrumento, condicionado á creación e expansión dos mitos da cultura de masas. Atrás queda a vella introspección humanista, expresada na máxima délfica *coñécete a ti mesmo*

. Nesa perversa interpretación do ideal democrático na que todo cidadán ten dereito ao luxo e os privilexios dun rei absolutista, Warhol abre a porta a esa obsesión, tan contemporánea, de artellar, a medida, unha identidade pública. Un xeito de enfrontarse, desaparecidas as vellas estruturas tribais e locais, á presión dunha acelerada globalización. Nunha metonimia que centra na imaxe o extenso e rico abano do ser singular, a identidade, fráxil e desconcertada, pantasea coa conversión do propio rostro nunha icona pública, como unha estrela de cine ou unha figura do deporte. A imaxe como ferramenta de traballo, e a televisión como soporte natural. Simple produto de deseño. É a lóxica do Photoshop. E da cirurxía plástica.

Autorretratos en movemento, pintados ou esculpidos. Unha feble e desequilibrada ensamblaxe, moi sensible a todo tento crítico de introspección, ou de sinceridade allea. Só o mudo espello sabe das fondas inquiredanzas. E o tarro das menciñas e as pílulas. Si, xa sei que pasamos todo o día esixindo sinceridade e transparencia. A nosa parella, aos amigos, ao candidato político, sempre ao Outro. Sospeito que falamos dun xogo que procura posicións de vantaxe, tentando coñecer os naipes do contrario mentres agochamos as nosas bazas. No fondo, anhelamos unha imaxe sofisticada, astutamente calculada, amosada con educada hipocrisía, nun mecanismo que lembra os manuais dos espías dobres, privilexio, noutrora, das clases altas e ociosas.

As amizades perigosas.

Mais, nestes inchados e fachendosos tempos, todo queda nunha lóxica pequenoburguesa do tendeiro, do reservado comerciante, do hierático home de negocios. É o espírito da época. Esa é a razón pola que a lenta, e pouco gratificante, introspección realista de Picasso, aínda afondando, mais e mellor, na individualidade do modelo, explica menos o mundo contemporáneo que as carautas de Warhol. Habitamos na posmoderna realidade dos paradoxos, no espazo infinito do xogo de espellos, na expansión dunha guerra fría entre individuos, dominada pola intelixencia e a contraintelixencia.